

ISAAC ASIMOV

As covas de aceiro

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

1. Conversa cun comisario

Lije Baley chegou ao despacho e advertiu que R. Sammy miraba para el con expectación.

As marcadas liñas do seu rostro alongado acentuáronse.

—Que desexas?

—O xefe quere verte, Lije. Agora. En canto che sexa posible.

—Moi ben.

R. Sammy non se moveu.

—Díxenche que moi ben. Retírate —engadiu Baley.

R. Sammy virouse e retomou as tarefas. Baley preguntouse, enervado, por que esas tarefas non as podía realizar un home. Detívose a continuación para examinar o seu tabaco e mais para facer un cálculo mental: dúas pipas por día e cinguiríase á cota delimitada.

Saíu de detrás da varanda e atravesou a estancia; obtivera a cualificación para unha varanda esquinada coma esa había dous anos.

Simpson ergueu o ollar, até entón pousado no rexistro de expedientes mercúricos, cando Lije Baley pasou por diante del.

—O xefe quere verte, Lije.

—Seino. Xa mo dixo R. Sammy.

Unha fita de código saíu entón do interior do contedor de rexistros de mercurio, namentres o aparello rastrexaba as tarxetas de memoria na busca da información requirida

e almacenada en pequenos patróns vibratorios dentro daquel fulxente continente mercúrico.

—A ese R. Sammy habíalle arrear eu de boa gana un couce no traseiro se non tivese medo a romper unha perna —dixo Simpson—. En fin, que o outro día vin a Vincent Barrett.

—Ahá.

—Tentaba volver ao seu posto no departamento. O pobre anda desesperado. Que lle podía eu dicir? R. Sammy está a desempeñar as funcións que antes eran as súas; as cousas son como son. Agora seica ten que buscar a vida como mozo dos recados nunhas granxas de lévedo. E cadra que por riba non era nada parvo o rapaz, e era apreciado por todos.

Baley encolleu os ombreiros.

—É unha loita na que estamos inmersos todos —comentou, con excesiva afectación, discorde co que en verdade sentía ou pretendía facer saber.

O xefe acadara un despacho de seu. Sobre o cristal esmerilado líase: «JULIUS ENDERBY». Fermosas letras, apegadas con precisión enriba do cristal. E abaixo: «COMISARIO DE POLICÍA, CIDADE DE NOVA YORK».

Baley avanzou e deu en preguntar:

—Desexaba vostede verme, señor comisario?

Enderby ergueu o ollar. Levaba anteollos porque tiña os ollos moi sensibles e non podía usar as lentes de contacto de uso corrente. Chamaban a atención, e só despois de ver os anteollos era posible reparar no resto do seu rostro, que carecía de peculiaridades. Baley tiña a firme convicción de que en verdade o comisario usaba lentes de montura pola personalidade que lle conferían, e sospeitaba que aqueles globos do ollo non eran tan sensibles como el pretendía facer crer.

